


# MICRO-RELATOS

Un día un home mercou un par de zapatos.  
Andou e andou sen descanso, e cando se lle  
desgastaron as solas, comprou outro par e  
seguiu andando.



Miriam Ferradanes (1º B)

A vida é nacer, crecer e morrer. ¿Quen será o guapo que vai  
desobedecer?

Ada Beitia (1º A)

Un señor ía pola rúa e ó dar un tropezón caeu por un sumidoiro e  
converteuse en rata.

Érase unha vez unha señora que mercou unha crema para estar máis  
guapa. Ó día seguinte espertou sen cabelo, sen dentes e con enrugas  
na cara.

David Villaverde (1º B)

Había unha vez un home vello que vivía só e non tiña familia. O único  
que tiña era un gato. O home quería moitísimo: dáballo de comer,  
rañáballe a barriga, xogaba con el... Pero un día o gato morreu e o vello  
morreu de tristeza.

Laura Martínez (1º A)

# MICRO-RELATOS

Érase unha vez unha árbore. Cortárona, fixeron papel coa madeira e escribiron nel.

Rodrigo Souto (1º A)



Din os namorados que é bonito estar baixo a Lúa, pero eu ódoo. A última vez quedei sen respiración.

Noel (2º B)

Cando lle abriron a porta da gaiola a un paxaro para que marchase, deulle un ataque e morreu.

Aurora Santomé (2º B)

Había unha muller que sempre coidaba unha margarida, pero un día regouna de máis e morreulle.

Fátima Mª (2º A)

Vou ó baño, tiro da cadea e volvo.

Estudo, examínome, suspendo.

Antonio Castro (2º A)

Había unha vez, nun deserto, un home sedento. Cando ía vagando polo deserto atopou un oasis e pensou: "Isto non pode ser real, ten que ser un espellismo".

E así, de oasis en oasis, morreu de sede.

Lucía Estévez (2º A)